



GUÍA DE INFORMACIÓN E XESTIÓN AMBULATORIA PARA O PACIENTE PORTADOR DUNHA DRENAXE CON DRAINA

CONTACTO

**HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO
(VIGO)**


Consultas externas de Cirurxía Xeral
RECEPCIÓN C6

Telf.: 986811111



**CUIDADOS DA
DRENAXE EN
DRAINA**

**¿QUE
DEBERÍAMOS
SABER?**



A drenaxe/draina é importante para vostede co fin de asegurar a súa plena recuperación. Cada organismo comórtase de xeito distinto, polo que hai preguntas ás que non imos poder responder:



¿Canto tempo levará a drenaxe?
¿Canto líquido producirá?
NO HAI NORMAS FIXAS

Confíe no seu cirurxián. Manterá a drenaxe o tempo que sexa necesario e indicará o momento da súa retirada definitiva ou mobilización.

- **FUNCIÓN DA DRENAXE:**

Evacuar líquidos orgánicos para evitar acumulacións e infeccións que causen abscesos (colecións de pus) que precisen intervención.

LÍQUIDO SEROSO (amarelo pálido)

LÍQUIDO BILIOSO (verde / amarelo)

LÍQUIDO PANCREÁTICO (grisáceo)

O líquido acumúlase na bolsa adherida á súa pel para evitar maior manipulación e agresión da zona cercana á drenaxe.

- Eventualmente realizarase un **CONTROL RADIOLÓXICO (TC ou ECO)** para apoiar ou desestimar a retirada da drenaxe.



SE A DRENAXE QUE VOSTEDE TEN INCLÚE UNHA DRAINA

Terá unha bolsa adherida á súa pel que recollerá as secrecións da drenaxe.

É **IMPORTANTE** que a bolsa non se despegue da pel. Poderá levala baixo a roupa discretamente.



O FEITO DE SER PORTADOR DUNHA DRAINA NON DEBE LIMITAR A SÚA MOVILIDADE OU ACTIVIDADE DIARIA.



INSTRUCCIÓNS DE MANEXO

- **MIDA** cada mañá á mesma hora o nivel acadado colocando a bolsa en vertical.
(Recolla o volumen evacuado e a data)
Baleirar o contido da draina retirando o tapón inferior.
- **OBSERVE** o aspecto do líquido. Pode cambiar con paso do tempo. Coménteo co seu cirurxián.
No caso de tinte hemático (sangue): Acuda a Urxencias para avaliación.
- **EVITE** sacudidas e desprazamentos da drenaxe. Calquera mobilización inadecuada ou non supervisada pode levar a complicacións.
Evite mollar a draina durante o aseo persoal (no caso de despegarse, coloque unhas gasas e acuda ó su centro de saúde).
- **ACUDA** á revisión na data indicada polo seu cirurxián.
- **ACLARE** dúbidas co seu cirurxián.